

BASES CONCURSO POSTAIS DE NADAL.

Tema: O tema do concurso deberá gardar relación directa co **NADAL**.

Formato: As postais deberán presentarse en formato A4 e de forma apaisada, deberán realizarse a man, podendo utilizarse calquera técnica pictórica (rotuladores, ceras, lapis, acuarelas, etc.). Si se entrega de forma presencial deberán incluír no reverso do folio os datos persoais do participante (nome, apelidos, teléfono de contacto e correo electrónico), si o entregase vía email (info@vilaboa.gal) deberán incluír devanditos datos no corpo do correo.

Categorías:

1. 3-5 anos.
2. 6-7 anos.
3. 8-9 anos.
4. A partir de 10 anos.

Entrega das postais: Poderanse entregar os orixinais escanados vía email no correo electrónico:

info@vilaboa.gal, acabando o prazo o día 19 de decembro (inclusive) ou de forma presencial en: Casa de Cultura de Riomaior, centros educativos ou no Concello de Vilaboa.

Xurado: O xurado estará formado por membros do Concello de Vilaboa, valorándose positivamente a creatividade, orixinalidade e a boa interpretación do tema do concurso, así como as habilidades gráficas demostradas acorde á idade do participante.

Fallo: O fallo do Xurado darase a coñecer o día 20 de decembro a través da páxina web e redes sociais do Concello de Vilaboa.

Entrega de premios: A data e o lugar da entrega de premios serán notificados aos gañadores do concurso.

Publicación: O Concello de Vilaboa poderá publicar todos os orixinais presentados a concurso en redes sociais, páxina web, etc.. e/ou realizar unha exposición presencial dos mesmos.

Dereitos: Os participantes deberán ser os lexítimos titulares dos dereitos das postais do nadal. Así pois, o Concello de Vilaboa non se fará responsable de reclamacións ou requerimentos en relación a calquera infracción de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou de dereitos de imaxe. Os pais ou titores legais serán os responsables de calquera reclamación que poida producirse en relación á autoría e posible plaxio das postais presentadas a concurso.

Infórmase que de acordo á modificación introducida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter persoal, estes serán recolleitos baixo as medidas de confidencialidade legalmente establecidas, fóra diso os nomes dos ganadores que poderán ser publicados nas redes sociais, páxina web, revista e outros medios de comunicación do Concello de Vilaboa.

Aceptación das bases: a participación no concurso, implica a aceptación das bases anteriormente expostas. O incumprimento de devanditas bases, terá como consecuencia a descalificación no concurso e no seu caso a perda dos premios outorgados. Así mesmo, os candidatos renuncian a toda clase de acción xudicial ou extraxudicial en contra do fallo do xurado.